


**ACTA N.º 02 / 2020**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PROVINCIAL DE TURISMO**

<b>DATA</b>	Xoves, 10 de SETEMBRO de 2020
<b>HORA</b>	18:00 horas
<b>LUGAR</b>	Vía Telemática a través da plataforma Zoom
<b>ASISTENTES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PRESIDENTE: JOSÉ TOMÉ ROCA</li> <li>• VICEPRESIDENTA: PILAR GARCÍA PORTO</li> <li>• SECRETARIO: JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PSDG: PABLO RIVERA CAPÓN (TITULAR)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PSDG: MAYRA GARCÍA BERMÚDEZ (TITULAR)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: DOLORES CASTRO OCHOA (SUPLENTE)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ (SUPLENTE)</li> <li>• MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUGUESA: FRANCISCO CAJOTO CASERÍO (TITULAR).</li> <li>• ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO NA PROVINCIA DE LUGO: ÁNGEL TRABADA GÓMEZ (TITULAR)</li> <li>• ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA E TURISMO DE LUGO - APEHL: JOSÉ FRANCISCO REAL CASTRO (TITULAR)</li> <li>• CLÚSTER DE TURISMO DE GALICIA: JOSÉ FRANCISCO REAL CASTRO (TITULAR)</li> <li>• FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO: LUÍS S. FERNÁNDEZ DÍAZ (SUPLENTE)</li> <li>• ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE GUÍAS DE TURISMO DE GALICIA - APIT GALICIA: MÓNICA DÍAZ JUBLÍN (TITULAR)</li> <li>• FEDERACIÓN GALEGA DE TURISMO RURAL - FEGATUR: FRANCISCO XABIER</li> </ul>

**Deputación de Lugo**  
San Marcos N°8 – 27001 Lugo  
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV7GUXRMPBSYRFMSI7BH7TOEM	Fecha y Hora	15/09/2020 14:24:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUXRMPBSYRFMSI7BH7TOEM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUXRMPBSYRFMSI7BH7TOEM</a>	Página	1/8



	<p>ALMUÍÑA CHORÉN (SUPLENTE)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• CONSORCIO DE TURISMO DA RIBEIRA SACRA: LUÍS FERNÁNDEZ GUITIÁN (TITULAR)</li> <li>• VICERREITORADO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CAMPUS DE LUGO: JESÚS VARELA ZAPATA (TITULAR)</li> <li>• ASOCIACIÓN GALEGA DE AXENCIA DE VIAXES- AGAVI: JUAN ANTONIO RIBADULLA FERNÁNDEZ (TITULAR)</li> <li>• EXPERTO NO ÁMBITO UNIVERSITARIO: MIGUEL PAZOS OTÓN (TITULAR)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL BNG. TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (TITULAR) - <b>AUSENTE</b></li> <li>• XEFE DE ÁREA CULTURA E TURISMO: MERCEDES LAMELA LÓPEZ. - <b>AUSENTE</b></li> <li>• ASOCIACIÓN GALEGA DE PROPIEDAD BALNEARIA – BALNEGAL: ANTONIO GARALOCES PAZ (TITULAR) - <b>AUSENTE.</b></li> <li>• AUXILIA: AQUILINO GONZÁLEZ ÁLVAREZ (TITULAR ) – <b>AUSENTE.</b></li> <li>• AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA – <b>SEN DESIGNACIÓN</b></li> <li>• ASOCIACIÓN DE CONSUMIDORES E USUARIOS DA PROVINCIA DE LUGO - ACUL – <b>SEN DESIGNACIÓN</b></li> </ul>
--	---


## ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do Consello Provincial de Turismo celebrada con data 04 de marzo de 2020.

2.- Estudo, análise e valoración das candidaturas presentadas aos Premios Lugo Cambia ao turismo lucense e aos Premios ...E para comer, Lugo á gastronomía Lucense

**Deputación de Lugo**  
San Marcos N°8 – 27001 Lugo  
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM	Fecha y Hora	15/09/2020 14:24:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM</a>	Página	2/8



## DESENVOLVEMENTO

### 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do Consello Provincial de Turismo celebrada con data 4 de marzo do 2020.

Por vía telemática, a través da plataforma Zoom, ás 18.00 horas toma a palabra don José Tomé Roca, dando a benvinda aos membros do Consello de Turismo e recorda que esta sesión extraordinaria celébrase para conceder os premios Lugo Cambia ao turismo lucense e ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense.


Antes de comezar a reunión o presidente realiza unha reflexión ao considerar que estes premios teñen hoxe unha forte carga simbólica, tendo en conta a situación sanitaria e económica provocada pola pandemia da Covid-19 e o seu grave impacto na hostalería e o turismo que son piares principais na provincia de Lugo. Incide que máis alá das persoas, establecementos, institucións ou entidades que resulten gañadores desta edición, neste momento, estes premios simbolizan un recoñecemento conxunto ó traballo realizado pola hostalería e polo turismo da nosa provincia xa que ante o grande impacto económico derivado da pandemia, o sector turístico da provincia de Lugo ten dado mostra, no seu conxunto, dunha gran capacidade de resposta marcada pola responsabilidade, pola colaboración e polo compromiso á hora de adoptar medidas, algunhas moi lesivas, para loitar contra a expansión do virus, sen, non por elo, renunciar a unha actitude de reivindicación sensata, solicitando que as medidas sanitarias se tomen tendo en conta a necesidade de conxugar a protección da saúde coa conservación da actividade económica, e sen estigmatizar a ningún sector.

Continúa sinalando que a resposta pasa tamén por apostar pola formación en novas medidas sanitarias para aplicar os protocolos anticovid de xeito rigoroso sen incomodar aos clientes e que se traduciu na capacidade de aportar novas ideas, mellorar a dixitalización, propoñer novos produtos e tender sempre a man á colaboración con outros sectores ou coas administracións públicas.

---

Deputación de Lugo  
San Marcos N°8 – 27001 Lugo  
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM	Fecha y Hora	15/09/2020 14:24:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM</a>	Página	3/8



Don Tomé Roca traslada ao Consello que pensa que esta capacidade de cambio e adaptación que mostra o turismo da provincia de Lugo foi posible precisamente pola solidez das súas raíces. Porque a aposta por un sector sostible no tempo, de calidade, de valor engadido, un turismo de natureza, de experiencias e non masificado, xa eran sinais de identidade da oferta da nosa provincia, que agora hai que adaptar á nova normalidade.

Recorda aos asistentes os inicios do Consello Provincial de Turismo, en 2018, cando se buscaba contar cun mecanismo de potenciación e modernización, que contribuíse a harmonizar propostas, que facilitase a colaboración entre o público e o privado, e que canalizase o diálogo entre representantes dos distintos sectores que forman o mosaico do sector turístico.


O presidente dá por rematada a benvida recordando que estes foron meses duros, e queda aínda moito que facer por diante e agradece a todos e todas o seu compromiso e o seu traballo, que axudou a encaixar mellor o golpe e que, sen dúbida, vai axudarnos a superar esta crise.

Cédelle a palabra ao Secretario, Don José Antonio Mourelle Cillero, quen procede a ler o primeiro punto do día. O presidente do Consello Provincial de Turismo pregunta aos asistentes se hai algún problema para a aprobación tras ter acceso á acta. Don José Francisco Real pide a palabra e sinala a ausencia do Clúster de Turismo de Galicia na acta da sesión ordinaria do 4 de marzo de 2020 e pide a comprobación por parte do secretario, que sinala que se verificará se existe algún erro na acta para proceder, no seu caso, á súa corrección. Don José Francisco Real tamén apunta que desta ausencia deriva o problema das votacións. O secretario aclara que a cada persoa correspóndelle un voto. Finalmente, o presidente propón non aprobar a acta co fin de estudar a correspondencia entre as as representacións e o número de votos que no caso de don José Francisco Real, que representa á Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería e Turismo de Lugo e ao Cluster de Turismo de Galicia no Consello Provincial de Turismo da Deputación de Lugo.

---

**Deputación de Lugo**  
San Marcos N°8 – 27001 Lugo  
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM	Fecha y Hora	15/09/2020 14:24:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM</a>	Página	4/8



Quedando a acta da sesión ordinaria do 4 de marzo do 2020 sen aprobar ata que se celebre unha nova sesión.

## 2.- Estudo, análise e valoración das candidaturas presentadas aos Premios Lugo Cambia ao turismo lucense e aos Premios ...E para comer, Lugo á gastronomía Lucense

Toma a palabra o presidente do Consello Provincial de Turismo, don José Tomé Roca, dando paso ao segundo punto da orde do día. Cédelle a palabra ao secretario para aclarar que existen tres propostas para os premios Lugo Cambia ao Turismo Lucense que son o Concello do Vicedo, a asociación de Desenvolvemento Rural Serra do Courel e a Fundación Uxío Novoneyra, mentres que as propostas presentadas para os premios ...E para comer, Lugo á gastronomía Lucense son dúas, a aplicación Xantarda e o Restaurante Cantábrico da Fonsagrada.


O secretario indica que nas Bases dos Premios se establece que poden recoñecerse tres distincións en cada unha das dúas modalidades e, ao existir tres candidatos nunha categoría e dúas noutra, non son excluíntes. Aclárase que non hai orde nin prelación de premiados, senón que todos teñen a mesma consideración.

O presidente concédelle a palabra a don José Francisco Real que fai unha puntualización en relación a que case todos os restaurantes da provincia de Lugo teñen un gran valor e terían méritos para ser premiados. Ademais solicita a aclaración sobre a candidatura da aplicación Xantarda, xa que el considera que nas bases os proxectos candidatos teñen que axudar á provincia de Lugo no seu conxunto, mentres que a aplicación móbil limita o seu ámbito de traballo ao concello de Chantada.

Toma a palabra o presidente e aclara que existiu liberdade para presentarse e o ámbito de traballo é provincial, polo tanto a candidatura de Xantarda, que traballa no ámbito provincial, con independencia de centrarse nun concello da provincia, non pode ser excluída xa que o que se busca é dar oportunidades a todos por igual. O presidente concédelle a palabra a dona Mónica Díaz que,

**Deputación de Lugo**  
San Marcos N°8 – 27001 Lugo  
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM	Fecha y Hora	15/09/2020 14:24:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM</a>	Página	5/8



acolléndose ás bases aprobadas, incide en que non se especifica en ningún momento que os candidatos teñan que exercer en toda a provincial citando distintos exemplos.

Toma a palabra a vicepresidenta do Consello de Turismo da Deputación de Lugo, dona Pilar García Porto, para facer unha aclaración respecto á dúbida de don José Francisco Real, indicando que promover Chantada ou promover Courel ou Mariña, pode ser tamén promover a provincia de Lugo, non ten que ser a totalidade do ámbito provincial. Continúa apuntando que as bases son claras e cada un outorga o seu voto segundo se considera que unha candidatura é merecedora ou non do recoñecemento. Sinala tamén que as bases tiveron un período de exposición pública pertinente, ao igual que cando se modificaron, e hai que adaptarse ás bases que temos e calquera outra cuestión hai que plantexala nun contexto de modificación de bases.

Incorpórase á sesión Extraordinaria do Consello de Turismo da Deputación dona Mayra García Bermúdez.


O presidente propón ao secretario comezar a votación. O secretario establece que se vote modalidade por modalidade segundo as candidaturas presentadas facendo unha matización en canto ao sentido do voto, en tanto ao que se establece na base 8 da reguladora destes premios, o persoal membro do Consello Provincial de Turismo deberá absterse de valorar e votar aquelas candidaturas presentadas polos propios colectivos que representan, no seu caso, ausentándose das sesións nas que se leven a cabo ditas votacións. Neste caso ao non ser presencial non é unha ausencia física pero, aclárase que aquelas persoas que teñan relación coas distintas candidaturas teñen que absterse de votar.

Deste xeito o presidente propón que, cas excepcións debidas das persoas ou entidades que teñan representación no Consello, que opten a ser premiadas e que deban absterse, se realice a votación por aclamación. Ambas votacións apróbanse por unanimidade coa salvidade da abstención de don José Jesús Novo Martínez, representante do Grupo Provincial do Partido Popular no

---

**Deputación de Lugo**  
San Marcos N°8 – 27001 Lugo  
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM	Fecha y Hora	15/09/2020 14:24:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM</a>	Página	6/8



Consello de Turismo e alcalde do Concello do Vicedo, por incompatibilidade ao representar a unha institución candidata, neste caso ao propio concello que representa.

Tras as votacións, o Consello de Turismo propón que os galardoados aos Premios Lugo Cambia ao turismo lucense e aos Premios ...E para comer, Lugo á gastronomía Lucense nesta edición sexan:

Premios Lugo Cambia ao turismo lucense: o Concello do Vicedo, a asociación de Desenvolvemento Rural Serra do Courel e a Fundación Uxío Novoneyra.

Premios ...E para comer, Lugo á gastronomía Lucense: aplicación Xantarda e Restaurante Cantábrico da Fonsagrada.

Rematadas as votacións, o presidente pregunta aos asistentes se hai rogos, preguntas ou propostas. Cédeselle a palabra a don José Francisco Real que pregunta acerca da referencia do secretario acerca da incompatibilidade da votación coas entidades representadas no Consello. O secretario aclara que a resposta está na base oito das bases reguladoras dos premios especificando que isto sucede unicamente cando o que propón é o mesmo que o que vota.

Concédeselle a palabra a don Ángel Trabada Gómez que propón que se teña en conta para futuras convocatorias que ás asociacións poidan propoñer a outras persoas ou membros de outras entidades como candidatos a estes recoñecementos.


A vicepresidenta do Consello de Turismo, dona Pilar García Porto, toma a palabra e aclara que as bases foron modificadas e aprobadas polo Consello e que se valoran as propostas de modificacións e aclara que dende a área de Turismo se traballará nunha proposta de modificación de bases para incluír a posibilidade para presentar as candidaturas por parte de terceiros para que se favoreza máis a participación.

Non habendo máis preguntas, dáse por finalizada a sesión do Consello de Turismo, sendo as 18.40 horas.

---

**Deputación de Lugo**  
San Marcos N°8 – 27001 Lugo  
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM	Fecha y Hora	15/09/2020 14:24:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM</a>	Página	7/8



V. e pr.  
O Presidente  
do Consello Provincial de Turismo

O Secretario

José Tomé Roca

José Antonio Mourelle Cillero

---

**Deputación de Lugo**  
San Marcos N°8 – 27001 Lugo  
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM	Fecha y Hora	15/09/2020 14:24:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUXRMPIBSYRFMSI7BH7TOEM</a>	Página	8/8

